

INFORMACIÓN PARA A FAMILIA

Nesta lección o alumnado atopará cancións, contos e outros recursos dixitais do tema 1 do programa seguido a nivel de aula (Big surprise 2)

Ademais, propoñemo tamén algunhas cancións relacionadas con hábitos de hixiene, festividade, etc, que gozaron de moi boa aceptación a nivel de aula ao longo destes meses.

Engádense tamén unhas actividades extra, por se "os pequenos" queren seguir a traballar co "English".

Por último, ofreceremos tamén ligazóns para diferentes páxinas webs especializadas no Inglés na etapa de E. Primaria, con recursos interesantes para o alumnado de 1º.

Trataremos de subir, na medida do posible, unha lección práctica e de doado acceso dende "Youtube", para facilitarlle ás familias ó acceso aos mesmos, xa que entendemos que en moitos fogares non se contan con tablets, ordenadores, certo software, ou datos contratados dabondo para enfrentarse ao "online schooling" nestes datas tan complicadas para todos.

Lembrámoslles que tamén poden acceder á lección a través do blog de 2º.

Ó ser actividades bastante orais, aconsellamos a supervisión dun adulto, que exercería o rol de guía; sobre todo para axudarlles a ler as instrucións, que están en Inglés, para lle demandar unha acción ao alumnado. Un irmán maior tamén se podería encargar de guiar a lección.

Esta lección é flexible; ten unha duración de cen minutos aproximadamente, e polo tanto pode ser personalizada, impartíndose na súa totalidade ou escollendo só certas partes da mesma, según a motivación e características de cada alumno/a. Pode desenvolverse en varias sesións en diferentes días, nunha soa...

Obviamente, polas características propias dos nenos neste nivel, trátanse sobretudo de actividades de recepción e expresión oral. Tamén se intentará traballar coa recepción escrita dalgún vocabulario básico.

Aconsellamos o emprego de tablet ou ordeador, pero tamén se poden visualizar os contidos a través do móbil.

LECCIÓN DE REPASO : BODY

Repasaremos o vocabulario específico sobre a roupa.

Tamén repasaremos a pronuncia doutro vocabulario mais básico (números, cores...)

1. LET'S START! Rutinas

-Saúdo. Comezamos saudando ao alumno/a. "Hello, How are you? Fine? Fantastic!..."

Agora o alumno (se se lembra) pode cantar a canción de benvida xesticulando, tal e como faciamos na clase. "Hello, hello, how are you? I' m fine, Thank you! Ola, ola, qué tal estás? Eu moi ben, grazas"

-Rutina do tempo. Sinalando a xanela. " What's the weather like, today?" (Que mire pola xanela)

"It's sunny/cloudy/raining/cold/hot" (pode facer xestos)

2. SONG. "I'M WEARING". Canción

Vocabulary: https://youtu.be/Ju_Kvd9IVeY

Observan a presentación das palabras escritas cas ilustracións e repiten.

Sing along: <https://youtu.be/-ajTc-x-uhUAgora>

Comezamos repasando unha das cancións que tivo mais éxito na aula. O alumnado intentará cantala unha vez, mentres observan as palabras e debuxos do video. Visualizan a coreografía deste video , e intentan reproducila mentres cantan (Tamén a poden atopar esta canción no cd do programa "Big surprise" que teñen na casa)

3. SIMON SAYS. Xogo de resposta física

Terán que sinalar as prendas que levan ou que leva outra persoa. O adulto da a orde: "Simon says...touch a t-shirt!"... "Ok, Very good, well done!" "Opps, try it again"

(Ata oito prendas, ou mais se o alumno o demanda)

Prendas:t-shirt, jeans, hat, socks, shoes, trousers, gloves, scarf, jumper, coat...

4. STORY TIME. "THE SUN AND THE WIND" Conto

<https://youtu.be/DyEkGY2u4uA>

- Visualización do conto, parándoo en certas escenas. Pedirlle que identifique cores nas escenas elixidas: "Which colour is this? " It's...brown!"

Agora pedirlle que identifique prendas das personaxes:" What's this?" " It's a scarf"

5. MIMING. Representación do conto

Ollar o conto novamente, pero esta vez sen paralo. Agora o alumnado pode facer uso da mímica, xestos ou produción oral dalgunhas palabras para representar o conto.

6. DRAW YOURSELF. Debuxar

-Debuxarse e colorearse nun folio branco (mellor que sexa grande para apreciar mellor as partes) Despois, que sinale as partes do corpo e que diga as cores en inglés. "Look, They are shoes...They are black. They are small"

Opción de recortar o debuxo se ten tesoiras, coa supervisión dun adulto ou etiquetar as prendas cos nomes (Seguinte punto da lección)

7. WORKSHEET. Traballo escrito

Dúas opcións:

1.Etiquetar o debuxo anteriormente feito cas prendas en inglés.

2.Ficha para imprimir:

Engadimos unha ligazón para descargar as fichas do tema 1.

<https://mega.nz/#F!dglUHCKR!OvBrHZx1tDw56BGQJcFTUA!pwEg2KqI>

8. EXTRA ACTIVITY: FESTIVITIES. CARNIVAL. Conto de Entroido

Actividade extra para lembrar o vocabulario da roupa a través de O Entroido.

Canción de Entroido do programa: <https://youtu.be/7mVr-dGUISY>

Canción: I love Costumes

Ligazón a Youtube: <https://youtu.be/m2MDEjkh4ew>

9. DO IT YOURSELF. Manualidade

No caso de contar con recortes de prensa, papeis de cores, etc na casa, crear duas figuras humanas na mesa (big and small) coas prendas de vestir mais destacadas ben visibles.

Agora, que diga en voz alta o que levan posto. "She's wearing a red skirt, he's wearing brown trainers"

Como actividade de ampliación, que nomeen o que levan eles posto ou os familiares: "I'm wearing a shirt, you're wearing a dress"

10. WASH YOUR HANDS! Ed. para a saúde

Visualización da canción 'Wash your hands'

<https://youtu.be/evXG5HuwIn0>

Acompañalos a lavar as mans tras finalizar a manualidade.

11. EXTRA ACTIVITY: HOME WORKOUT! Educación física. Sesión infantil de exercicio físico.

HELLO! ARE YOU READY TO WORKOUT?... LET'S GO!

<https://youtu.be/oc4QS2USKmk>

OK... BREATHE IN... BREATHE OUT... TIME TO FINISH!

AND REMEMBER: WASH YOUR HANDS AGAIN!

STILL DO YOU WANT MORE? OK, HERE YOU ARE A LINK WHERE YOU CAN KEEP LEARNING AND HAVING FUN!

ONLINE LEARNING ZONE PRIMARY: <https://www.oup.com/elt/oupeprimary>

BYE-BYE CHILDREN!

TEACHER PATRI 😊

